

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Hermandad Gallega de Venezuela coa finalidade de contribuír a atención das necesidades asistenciais básicas da cidadanía galega acollida no centro de día "Santiago Apostol" de Caracas (Venezuela)

Á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspóndelle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras: as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegidade e as atribuídas á Comunidade Autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes a potenciar e reforzar os vínculos coa nosa cultura dos galegos e galegas residentes fóra de Galicia, que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior. Estas entidades galegas son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e reforzar os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións réunese un gran número de persoas galegas, que son os axentes principais a través dos que Galicia fomenta a súa cultura.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Venezuela un convenio que ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento do custo derivado da atención ás persoas galegas acollidas no centro de día Santiago Apóstol.

En Venezuela, segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, a 1 de decembro de 2022 residían preto de 27.000 persoas de orixe galega. O país está atravesando unha realidade social, política e económica que repercute negativamente no conxunto da sociedade e da que non se libran as persoas galegas que

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



viven alí, as cales están abocadas a unha situación de carencia ou sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

A Hermandad Gallega de Venezuela, con sede en Caracas, é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1960, inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade da Secretaría Xeral da Emigración e que ten, entre outros fins, o de acoller as persoas galegas emigrantes residentes na súa área xeográfica.

Esta entidade está a desenvolver un destacado labor social dirixido á mellora da calidade de vida das persoas maiores de orixe galega, para o que conta co centro de día Santiago Apóstol, ao que acuden, de luns a venres, persoas maiores carentes de recursos. O centro cubre as necesidades básicas na área terapéutica e sociocultural, mantendo a permanencia destas persoas dentro da súa contorna familiar e paliando o sentimento de soidade, que na maioría dos casos leva aparellados procesos dexenerativos que diminúen a autonomía, a través de programas de ximnasia xerontolóxica, psicomotricidade, de ocio e tempo libre, atención alimentaria e atención á saúde.

A Hermandad Gallega de Venezuela é a entidade galega de referencia para as persoas de orixe galega residentes en Caracas e a súa área xeográfica de influencia, un colectivo potencialmente susceptible de beneficiarse dos programas e as actuacións que executa a Secretaría Xeral da Emigración, coa que a entidade está colaborando activamente.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrencia pública.

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de



2014; ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

